



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Literatura Inglesa 2 | Código | 613G03017 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Filoloxía Inglesa Letras | | | |
| Coordinación | Clark Mitchell, David Mitchell | Correo electrónico | david.clark@udc.es | |
| Profesorado | Alonso Giraldez, Jose Miguel Clark Mitchell, David Mitchell | Correo electrónico | miguel.giraldez@udc.es david.clark@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo panorámico da literatura inglesa dos seculos XVIII e XIX. | | | |
| Plan de continxencia | | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A7 | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa. |
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A16 | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa. |
| A17 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|------------------------------------|----------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| | | | |
| Familiarizarse coa evolución da literatura inglesa | A1 A2 A7 A8 A16 A17 | B5 B7 B8 | |
| A Coñecer o contexto histórico e cultural no que xurdan os traballos literarios. | A17 | | |
| Saber recoñecer e analizar os contidos ideolóxicos dos textos | A1 A2 | | |
| Familiarizarse con aspectos diversos da historia de Gran Bretaña e a súa cultura | A1 A2 A7 A8 A16 A17 | B1 B5 B7 B8 | |



| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A novela no século XVIII. | 1.1. Introducción. 1.2. Swift Gulliver's Travels (A voyage to Lilliput) 1.3 Outros autores relevantes do século XVIII (pasaxes das obras) |
| 2. O Romanticismo | 2.1 Introducción 2.2 Poesía: Wordsworth, Keats e Coleridge. 2.3. Introducción á novela gótica. 2.4 Novela: Frankenstein Mary Shelley (novela completa) |
| 3. A novela e a historia curta do século XIX | 3.1 Introducción 3.2 Jane Austen Pride and Prejudice (novela completa) 3.3 Dickens. Pasaxes de novelas e unha historia curta. 3.4 Thomas Hardy The Mayor of Casterbridge (novela completa) |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | A1 A8 | 0 | 30 | 30 |
| Sesión maxistral | A7 A17 B1 B5 B7 B8 C1 | 20 | 0 | 20 |
| Seminario | A1 A2 | 28 | 5 | 33 |
| Proba mixta | A1 A2 A8 A16 B5 B7 C1 | 0 | 18 | 18 |
| Lecturas | A16 | 0 | 45 | 45 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Traballos individuais ou en grupo pequeno. |
| Sesión maxistral | Explicación de temas. |
| Seminario | Discusión en máis profundidade de temas. Realizaranse en grupo reducido para favorecer a participación de todas/os. A participación dos alumnos será obxecto de avaliación. |
| Proba mixta | Exames escritos de contidos teóricos e prácticos. |
| Lecturas | Ler os textos do corpus (obras ou fragmentos) |

| Atención personalizada | |
|------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | O alumnado deberá preparar traballos individuais e por grupos sobre textos e temas do corpus para a súa presentación escrita ou oral, segundo as indicacións do seu momento do profesor. |

| Avaliación | | | |
|--------------|--------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Proba mixta | A1 A2 A8 A16 B5 B7 C1 | Proba de preguntas teóricas do aprendido durante o curso e de comentario e análise de textos. | 50 |



| | | | |
|---------------------|-------|---|----|
| Traballos tutelados | A1 A8 | Un traballo puntuable sobre as lecturas e os contidos da asignatura, de 6 páxinas de lonxitude. O profesor, salvo indicación contraria, avaliará o traballo escrito cunha proba oral. | 20 |
| Seminario | A1 A2 | Participación e desenvolvemento dos traballos dentro dos seminarios, incluíndo os tests sobre as lecturas. | 30 |

Observacións avaliación

Os estudantes deben completar as lecturas propostas (ver listaxe de contidos do programa) sempre antes de que sexan analizadas ou comentadas en clase, para que a interactividade e o debate sexa posible. Igualmente, o profesor poderá establecer un test ou unha proba de lectura, que se realizará sempre na clase, sobre cada unha das lecturas en curso, xa sexa nese momento ou máis tarde de que esas obras se traballaran na aula. As lecturas son obrigatorias e todas elas serán avaliadas de xeito individual. As lecturas e os seus tests respectivos forman parte da avaliación da asignatura, no apartado Seminario, como se indica enriba destas liñas. Os traballos tutelados se realizarán fora da aula, terán unha extensión aproximada de 5-6 páxinas, e estarán escritos en inglés. Salvo indicación contraria, serán presentados polos alumnos oralmente, dun xeito individual. O traballo deberá ser entregado en tempo e forma antes de ser presentado oralmente, xunto coa presentación (PPT).

O exame escrito (dous ao longo do curso) completará a avaliación da materia.

Na oportunidade de xullo os alumnos/as realizarán un traballo sobre os textos de estudo (50% da nota) e o exame (50% da nota). Aqueles alumnos/as que o longo do curso presentaran traballos satisfactoriamente non teñen que presentar ningún traballo adicional, agás expresamente indicado; Os alumnos/as que non se presenten ás probas obxectivas da primeira ou segunda oportunidade acadarán a cualificación de Non Presentado.

Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo.

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avalíaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Os traballos escritos poden ser revisados a través da aplicación Turnitin que detecta citas incorrectas, plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorrer, aplicaranse as normas contra o plaxio (Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario). Turnitin reconece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais localizados en Internet.

Fontes de información



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías